



## **PLAN DE ACOLLIDA EMOCIONAL DO ALUMNADO**

### **CURSO 2020-2021**



# **CEIP VIRXE DO CORPIÑO**

## **BEGONTE**



ÍNDICE	Páxina
<b>Cambios nas Normas de Organización e Funcionamento</b>	3
<b>Actuacións de prevención, hixiene e protección.</b>	5
<b>Formación en competencia dixital</b>	8
<b>Atención aos aspectos emocionais e sociais</b>	9



## 1.- CAMBIOS NAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

Tema	Modificación
Horario de entrada	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Alumnado USUARIO de transporte escolar</b></li> <li>❖ 09:15 – 09:25</li> <li>• <b>Alumnado NON USUARIO de transporte escolar</b></li> <li>✓ <b>Educación Infantil:</b> 09:30 horas</li> <li>✓ <b>Educación Primaria:</b> 09:40 horas</li> </ul>
Horario de saída	<p>4º Educación Infantil: 15:45 horas</p> <p>5º-6º Educación Infantil: 15:50 horas</p> <p>1º-2º-3º Educación Primaria: 15:55 horas</p> <p>4º- 5º Educación Primaria: 16:00 horas</p> <p>6º Educación Primaria: 16:05 horas</p>
Horario de recreo	<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ <b>HORARIOS DE SAÍDA AO PATIO</b></li> <li>1º-2º-3º Educación Primaria: 11:10 horas</li> <li>4º- 5º Educación Primaria: 11:15 horas</li> <li>6º Educación Primaria: 11:20 horas</li> <li>5º-6º Educación Infantil: 11:25 horas</li> <li>4º Educación Infantil: 11:30 horas</li> <li>❖ <b>HORARIOS DE REGRESO ÁS AULAS</b></li> <li>1º-2º-3º Educación Primaria: 11:40 horas</li> <li>4º- 5º Educación Primaria: 11:45 horas</li> <li>6º Educación Primaria: 11:50 horas</li> <li>5º-6º Educación Infantil: 11:55 horas</li> </ul>



	<b>4º Educación Infantil:</b> 12:00 horas
<b>Espazo de recreo</b>	<p><b><u>DÍAS SOLLEIROS E/OU CON BOA TEMPERATURA</u></b></p> <p>1.- <b>ZONA PATIO CUBERTO:</b> Exclusiva para Educación Infantil          2.- <b>ZONA AREIRO:</b> Exclusiva para Educación Infantil          3.- <b>ZONA HORTO:</b> Espazo rotatorio para Educación Primaria          4.- <b>PABILLÓN:</b> Espazo rotatorio para Educación Primaria          5.- <b>ZONA CAMPO PARALELO AO PABILLÓN:</b> Espazo rotatorio para Educación Primaria</p> <p><b><u>DÍAS DE CHUVIA E/OU TEMPERATURAS MOI BAIXAS</u></b></p> <p>1.- <b>Ludoteca do Comedor:</b> Exclusiva para Educación Infantil          2.- <b>Ximnasio:</b> Exclusivo para Educación Infantil          3.- <b>Biblioteca:</b> Espazo rotatorio para Educación Primaria          4.- <b>Espazo Maker:</b> Espazo rotatorio para Educación Primaria          5.- <b>Patio cuberto:</b> Espazo rotatorio para Educación Primaria</p> <p>Para a vixilancia dos recreos estableceranse quendas rotatorias de 5 mestres/as, de maneira que cada grupo estable quedará viaxiado en todo momento por un mestre/a, evitando que se mezclen ou teñan contacto entre sí.</p>
<b>Gardas de entrada</b>	Haberá dous mestres/as de garda supervisando a entrada pola mañá. Serán aqueles que non teñan clase a primeira hora. Os mestres/as que teñan clase a primeira hora deberán estar nas aulas para recibir ao alumnado.
<b>Titorías</b>	Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais con as normas de seguridade reflectidas no plan de adaptación
<b>Biblioteca</b>	50% do seu aforo. Cada día só acudirá un grupo estable de convivencia. Cuarentena dos libros de préstamo. Medidas de seguridade ao igual ca no resto de aulas.
<b>Espazo Maker</b>	Separación das mesas e tendencia ao traballo individual Horario propio. Espazo de recreo nos días de chuvia para o alumnado de Educación Primaria. Hixienización de todo o material empregado.
<b>Uso de aseos</b>	Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais luminosos.
<b>Actividades internivelares</b>	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.
<b>Comedor Escolar</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máscara protectora excepto no momento de comer.</li> <li>- Desinfección de mans ao entrar e ao saír.</li> <li>- 2 quendas de comida para manter distancias de seguridade.</li> <li>- Ventilación e desinfección das instalacións entre turnos.</li> <li>- Grupos estables de convivencia separados máis de 1,5 metros</li> <li>- Separación adicional dentro dos grupos estables de Convivencia.</li> <li>- Suspéndese temporalmente o cepillado dos dentes posterior á comida.</li> <li>- Espazo de recreo para Educación Infantil nos días de chuvia.</li> </ul>



Para poder explicar as claves do plan de adaptación á situación COVID-19 do noso colexio e resolver calquera tipo de dúbida ou inquedanza, planifícanse unha serie de reunións das familias cos docentes que forman parte do equipo Covid-19 do centro. As reunións terán lugar de maneira escalonada por niveis, evitando calquera tipo de aglomeración.

Celebraranse no patio cuberto do noso colexio, no seguinte horario:

### **MARTES 8 DE SETEMBRO**

10:00 horas: familias de Educación Infantil

12:00 horas: familias de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria

### **MÉRCORES 9 DE SETEMBRO**

10:00 horas: familias de 4º E 5º de Educación Primaria

12:00 horas: familias de 6º de Educación Primaria

Estas reunións terán lugar no patio cuberto do centro baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións un lapso de 10 minutos para a desinfección das cadeiras.

Segundo a Resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, **no inicio do presente curso o noso alumnado incorporárase do seguinte xeito:**

1. **O xoves día 10 de setembro** incorporárase o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil (3 e 4 anos) e 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria.

2. **O venres día 11 de setembro** incorporárase o alumnado de 6º de Educación Infantil (5 anos) e 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria.

Nestes dous primeiros días de clase, o alumnado estará unicamente coa súa titora, que será a encargada de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

## **2.- ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN**

### **Prevenición:**

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:
  - Diseminan as entradas e saídas do alumnado.
  - Establecer quendas de recreo.
  - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
  - Regular o acceso aos aseos



- Distancia social:
  - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
  - Evitar situacións de contacto físico.
  
- Responsabilidade individual:
  - O profesorado debe comprometerse a facer unha autoenquisa antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid-19.
  
  - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán firmar unha declaración responsable e facer unha autoenquisa diaria no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

## **Hixiene**

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:
  - Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal (Concello)
  - Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces pola mañá.
  - Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
  - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
  - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado e profesorado.
  
- Hixiene persoal:
  - Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de xel hidroalcohólico nas aulas e xabón líquido nos baños.
  - Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
  - Aprender a manipular correctamente as máscaras.



- Rutinas de responsabilidade individual:
  - Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.
    - Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.
  - Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
    - Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con virucida axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.
  - Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisibile que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar. É cometido do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.
  
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
  - Xel hidroalcolico: en todas as aulas e espazos comúns
  - Xabón: en todos os aseos.
  - Panos desbotables: en todas as aulas.
  - Solución desinfectante: en todas as aulas
  - Papeleiras de pedal: en todas as aulas.

### **Protección:**

- Uso de máscara:
  - Uso obrigatorio para todo o alumnado, profesorado e persoal non docente en todo momento.
  
- Pantallas:
  - Para as mestras de PT e AL.
  
- Mamparas:
  - Para as aulas de PT e AL.



### 3.- ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINOPRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

- Durante o mes de setembro, antes da asistencia dos alumnos ás aulas, activarase a aula virtual, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado.
- Porase a disposición do profesorado uns videotutoriais para a realización das tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual.
- Durante os primeiros días de clase, en setembro, os titores de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte.
- Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.
- A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesores e alumnos) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro.
- No mes de setembro, os titores identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao director. O director realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.
- Para que as familias poidan axudar aos seus fillos/as no acceso a aula virtual, creárase un espazo na páxina web onde se publicaran vídeos e manuais que faciliten o acceso a aula virtual.
- No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que se deberán levar a cabo:

Etapa / nivel educativo	Acción a desenvolver	Lugar	Temporalización
Educación infantil	Facilitar contas de correo electrónico	Colexio (mediante mensaxería interna)	Primeira semana de curso
	Comprobar as familias que teñan dificultades de conexión a internet	Casa	Primeira semana de curso
	Probar algunha videoconferencia grupal con “Cisco Webex”	Colexio e casa	Primeira /segunda semana do curso
Educación Primaria	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (axenda)	Primeira semana de curso
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Colexio e casa (detectar dificultades)	Primeira semana de curso
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeira /segunda semana do curso
	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso





	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
Familias	Curso básico sobre todos os aspectos relacionados coa aula virtual	On line (casa). Posibilidade de resolver dúbidas de xeito presencial con cita previa.	Primeiro mes de curso

O primeiro mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un **modelo de ensino mixto**. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais.

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixear as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: [ceip.virxe.corpinho@edu.xunta.gal](mailto:ceip.virxe.corpinho@edu.xunta.gal)
- **Páxina web**: canle unidireccional para recibir información e descarga de documentos.
- **Teléfono**: comunicación directa e inmediata no 982890087.

#### 4.- ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACION DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESION

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio.

Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.

A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera de nós pode pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes.

Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoialo e coidalo emocionalmente.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica



desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus.

Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada. Estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio.

Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus. Non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Debemos recordar continuamente as medidas de protección que temos que cumprir a diario para evitar a propagación do virus. Isto non implica que teña que facerse de maneira aburrida, senón que existen contos e cancións con xestos para facer esta rutina o máis lúdica posible.

É importante crear pautas, pero non como imposicións de cara aos nenos/as, senón como cocreación. Plantearemos chuvias de ideas nas que os nenos/as propoñas incluso as súas propias medidas de protección na súa aula.

A situación vivida polos nosos alumnos e as nosas familias en todo este período de confinamento creou diferentes formas de manifestar as emocións e estas poden variar entre uns e outros, xa que o desenvolvemento evolutivo inflúe en como se experimentan as situacións e en como eles expresan as súas emocións.

Os sentimentos e emocións que poderemos observar na escola e na casa de forma máis habitual debidos a esta situación son os seguintes:

- **O medo:** esta reacción emocional adoita ser a máis frecuente ao asimilar que o coronavirus é "como un monstro", especialmente para os alumnos máis pequenos, a quen lles pode afectar en relación aos hábitos e ritmos do sono. Pola noite poden chegar a sentir medo por esta situación. É bo escoitalles e que expresen os seus medos. Para tratar de reducir esta sensación, unha das recomendacións é ler relatos ou contos con eles, apoiándonos na realidade na que ese monstro acábese esfumando co traballo dos nosos profesionais sanitarios e co apoio e colaboración de todos. Co alumnado de máis idade é importante traballar o medo para enfermarse e o medo á morte dado que son máis conscientes desa posibilidade e esta púidose volver máis próxima se sufriron a perda dun ser querido. Teranse que valorar individualmente aqueles casos que puidesen derivar nalgún tipo de trastorno emocional.

Dentro da emoción do medo podemos atoparnos con dous aspectos provocados por esta situación:

• **Inseguridade e incerteza:** Enfrontarse á incerteza é un dos procesos máis complexos para o ser humano xa que implica "non poder facer nada", tan só aceptar a situación que se está vivindo. É importante valorar positivamente os comportamentos adecuados e axudarlles a desenvolver o seu autoconfianza recoñecendo os seus progresos por lentos ou poucos que sexan.

Cos alumnos máis maiores, falar, dialogar e razoar con eles, compartir momentos xuntos en familia, onde sentan comprendidos e escoitados.

• **Ansiedade:** é un mecanismo adaptativo que se xerou en moitos dos nosos alumnos e das nosas familias ao tentar dar resposta a algo que vivimos como unha ameaza (Covid-19) e que xera tanta incerteza. É



aconsellable falar de cómo senten, realizar exercicios de respiración se o necesitan, practicar actividades físicas, fomentar bos hábitos de alimentación e hábitos de soño e hixiene. Coidar as relacións sociais é outro aspecto importante, que nestes momentos a través das novas tecnoloxías estívese conseguindo.

- **A tristura:** estar lonxe dos seus familiares, profesores ou amigos do colexio, pode xerar esta sensación nos nosos alumnos/as. Por iso é aconsellable explicarlles que a tristeza aparece ao estrañar algo, o llanto neste sentido é moi beneficioso, facilita a aceptación da emoción e axúdanos a sentirnos mellor. Un dos comportamentos máis adecuados que acompañan a esta emoción é a de tratar de lembrar e, na medida do posible, recrear momentos felices, situacións que resultasen agradables para ir deixando a tristeza e que esta se vaia convertendo nunha certa nostalxia, emoción moito menos intensa.

- **A ira:** a sensación de inxustiza e impotencia por causas como as descritas anteriormente pode motivar o enfado nos nosos alumnos/as. Explicarlles que esta situación non depende de nós e que temos que ser pacientes, axudar e soportar o mellor posible a situación. Para iso, debemos ser flexibles e ter paciencia fronte a momentos de perrenchas e enfados. Como adultos hai que axudar a conter respostas emocionais inadecuadas e ofrecerlles ao mesmo tempo alternativas de respostas máis adaptativas. Ao dar un contexto á emoción esta vólvese menos intensa, é fundamental nestes casos a empatía, a comprensión sobre os sentimentos dos demais e o dar “espazo e tempo” para a xestión da emoción.

-**Dolo por perda dun ser querido:** é unha das situacións máis duras de toda a pandemia. Algunhas das nosas familias perderon a algún familiar durante este tempo, manifestando múltiples sentimentos. O proceso de duelo é máis complicado dadas as circunstancias nas que non se puideron realizar as despedidas sociais que facilitan este proceso e por iso é importante transmitir aos nosos pais que expliquen aos seus fillos o que ocorreu, sempre adecuando á súa idade a linguaxe que se utilice e que acompañen a despedida realizando algún debuxo, por medio dunha carta, buscando fotografías, lembrando momentos entrañables, creando un recuncho do recordo onde depositar obxectos para homenaxear ás persoas falecidas, chorando xuntos, abrazándose... calquera tipo de proceso que, dalgunha forma, supla o que non se puido ter no seu momento. Lembrando que non puidemos despedirnos, pero farémolo.